



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Planificación e Control de Xestión en Empresas de Moda	Código	710G03022	
Titulación	Grao en Xestión Industrial da Moda			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Enriquez Díaz, Joaquín	Correo electrónico	joaquin.enriquez@udc.es	
Profesorado	Enriquez Díaz, Joaquín	Correo electrónico	joaquin.enriquez@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es			
Descrición xeral	A materia introduce ao estudantado na Planificación estratéxica e no control de Xestión, tendo como principais obxectivos o coñecer a contabilidade analítica, as técnicas presupostarias e os cadros de mando			



<p>Plan de continxencia</p>	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Pódense manter as mesmas metodoloxías:</p> <p>Sesión maxistral Solución de problemas Proba de resposta breve Presentación oral Proba obxectiva</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Non se realizarán cambios. As probas e as sesións realizaranse a través de Microsoft Teams e a través de Moodle</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Tutorías Virtuais a través de Microsoft Teams (tutorías baixo cita previa)</li><li>- Foro de dúbidas en Moodle (Foro de aclaración de dúbidas no que participarían os estudantes e estaría moderado polo docente)</li><li>- Correo Electrónico (solicitude de tutorías en Teams e dudas puntuais)</li></ul> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>A entrega de traballos, realización de exercicios e probas realizarase de maneira virtual a través de Microsoft Teams e Moodle.</p> <p>Nas probas os estudantes</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>É importante garantir a identidade do alumno e a autoría das probas realizadas. Para iso, poderase requirir aos estudantes que teñan activado o micrófono e a cámara do seu computador a través da aplicación de Microsoft Teams.</p> <p>Se algún estudante ten problemas para realizar algúnha proba por fallos na conexión buscaranse outras solucións que sexan viables como poden ser por exemplo probas orais.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Materiais electrónicos en Moodle</li><li>-Fariñas Fernández, Francisco (2010). El control de gestión y su aplicación práctica . Tirant biblioteca virtual. Dispoñible en <a href="http://sfx.bugalicia.org/aco?sid=III:innopac&amp;pid=id=9788499858944">http://sfx.bugalicia.org/aco?sid=III:innopac&amp;pid=id=9788499858944</a></li><li>-Joaquín Martínez Navajas (2006) Contabilidad Analítica. Dispoñible en:</li></ul>
-----------------------------	--



<https://www.eoi.es/es/file/18728/download?token=PxCppzeG>



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer os fundamentos básicos de xestión dunha empresa de téxtil/moda, tanto a nivel estratéxico como operativo e funcional.
A10	Ter os fundamentos económico-financeiros necesarios para coñecer o estado dunha empresa de moda e xestionala adecuadamente desde unha tripla perspectiva de liquidez, solvencia e rendibilidade.
B1	Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e se adoita atopar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
B5	Que o estudantado desenvolvera aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B7	Capacidade para analizar tendencias (razoamento crítico).
B8	Capacidade de planificación, organización e xestión de recursos e operacións.
B9	Capacidade de análise, diagnóstico e toma de decisións.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C9	Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Coñecer os conceptos de Planificación estratéxica e control de xestión	A1 A10	
Saber en que consiste a contabilidade analítica ou de custos e as súas diferenzas coa contabilidade financeira	A10	B4 B5	
Saber identificar os custos e tipos de custos dunha empresa, así como coñecer e empregar os diferentes sistemas de imputación de custos.	A1 A10	B1 B2 B3 B4 B5	C3 C5 C8 C9
Saber qué é un presuposto, coñecer os diferentes tipos de presupostos e técnicas presupostarias, así como de control presupostario e análise de desviacións	A1	B2 B7 B8 B9	C5 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Introducción á Planificación e ao control de xestión	1.1.- La planificación estratéxica 1.2.- O control de xestión



2.- Contabilidade analítica ou contabilidade de custos	2.1.- A contabilidade financeira e a contabilidade analítica 2.2.- Custos e tipos de custos 2.3.- Os sistemas de custos: os sistemas tradicionais de imputación de custos e os sistemas basados en actividades (sistema ABC)
3.- Presupostos	3.1.- Introducción a los presupuestos 3.2.- Tipos de presupostos 3.3.- Técnicas presupostarias 3.4.- Control presupostario y análise de desviacións
4.- Cadro de mando	4.1.- Definición de cuadro de mando 4.2.- Características do cadro de mando 4.3.- O cadro de mando integral

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A10 B1 B3 B5 C3 C5 C8	17	27	44
Solución de problemas	B2 B4 B7 B8 B9 C7 C9	37	48	85
Proba obxectiva	A1 B2 B4 B7 B9 C5 C9	2	4	6
Proba de resposta breve	B2 B3 B4 B7 C9	4	6	10
Presentación oral	B4 C3	2	2	4
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>1.- Exposición dos conceptos e contidos teórico/prácticos básicos necesarios para que os estudantes poidan buscar solución aos problemas tratados no programa.</p> <p>2.- O tempo adicado a cada un dos temas en que está dividida a materia será proporcional ao grao de dificultade de cada un deles. Para a preparación dos capítulos de menor dificultade de comprensión poderíase remitir ao estudante á bibliografía, aínda que nese caso nas clases orientaráselle sobre que fontes concretas se recomenda utilizar.</p>



<p>Solución de problemas</p>	<p>1. Exposición e solución de exemplos prácticos acerca dos contidos teóricos.</p> <p>2. As prácticas e exemplos se intercalan cos contidos teóricos co fin de facilitar a comprensión da materia.</p> <p>3. Na solución dos exemplos prácticos o alumno pode intervir: a) a iniciativa propia, tras pedir quenda de palabra b) por iniciativa do profesor, que solicitará expresamente a intervención do alumno.</p> <p>4. Na aula poderanse formular exercicios que o estudante deberá resolver e entregar ao profesor para a súa avaliación.</p> <p>5. Poderanse formular tamén exercicios a realizar polo alumno en horas non presenciais ou de traballo autónomo. Posteriormente poderase facer unha entrega avaliable e/ou revisión dos exercicios, na que o alumno pode intervir, e abrirose a correspondente quenda de preguntas co fin de aclarar aqueles aspectos que o alumno formule.</p> <p>6.- Poderanse formular tamén exercicios ou casos prácticos a realizar en pequenos grupos de estudantes (traballo colaborativo) en horas non presenciais ou de traballo autónomo. En horas presenciais posteriores farase unha unha presentación oral nas que os estudantes presentarán os casos resoltos.</p> <p>As entregas dos exercicios poderán ser físicas ou online a través das plataforma habilitadas a tal efecto.</p>
<p>Proba obxectiva</p>	<p>1. Consiste nun exame teórico-práctico dos contidos da materia. O exame podería conter preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas sobre supostos prácticos, preguntas tipo test (verdadero/falso), preguntas de resposta múltiple ou unha combinación dos tipos mencionados.</p> <p>2. O exame pode ser oral ou escrito, presencial ou virtual.</p> <p>3. Celebraranse nas datas, horas e aulas (en caso de ser presencial) que o Decanato fixe oficialmente.</p>
<p>Proba de resposta breve</p>	<p>1. Poderán ser varias ao longo do curso. Consisten nun exame sobre unha parte da materia e pode ser de respostas curtas, de tipo test (verdadero/falso), de resposta múltiple, de preguntas a desenvolver e de preguntas sobre supostos prácticos ou unha combinación delas.</p> <p>2.- Poderán ser en horario de clase de maneira presencial ou ben de maneira online.</p>
<p>Presentación oral</p>	<p>1.- Seguindo o indicado na metodoloxía de solución de problemas. Formularanse exercicios, pequenos traballos ou casos prácticos a realizar en pequenos grupos de estudantes (traballo colaborativo) cuxa resolución presentarán de maneira oral.</p>

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Solución de problemas Sesión maxistral</p>	<p>- Na sesión maxistral o alumno pode intervir, logo de petición da palabra, para preguntar, aclarar ou expor o seu punto de vista sobre o tema que no momento da súa intervención estea a tratarse.</p> <p>- Na solución de problemas e nos seminarios o alumno pode intervir seguindo as mesmas pautas comentadas no caso da Sesión maxistral.</p> <p>- Asimesmo, os estudantes poderan contactar co docente baixo cita previa para realizar titorías virtuais.</p>

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Presentación oral	B4 C3	<p>Seguindo o indicado na metodoloxía de solución de problemas. Formularanse exercicios, pequenos traballos ou casos prácticos a realizar en pequenos grupos de estudantes (traballo colaborativo) cuxa resolución presentarán de maneira oral.</p> <p>A nota da exposición será individual para cada un dos compoñentes do grupo.</p> <p>Os estudantes expoñerán a resolución do caso práctico e responderán posteriormente ás preguntas plantexadas polo docente.</p>	20
Solución de problemas	B2 B4 B7 B8 B9 C7 C9	<p>1.- Na aula poderanse formular exercicios que o estudante deberá resolver e entregar ao profesor para a súa avaliación</p> <p>2.- Poderanse formular tamén exercicios a realizar polo alumno en horas non presenciais ou de traballo autónomo. Posteriormente farase unha entrega dos exercicios para que poidan ser avaliados.</p> <p>3.- Tamén se facilitarán ós estudantes determinados casos prácticos para que sexan resoltos en pequenos grupos de traballo (traballo colaborativo) para posteriormente presentar de maneira oral a súa resolución.</p> <p>As entregas dos casos prácticos poderán ser en formato físico (papel) ou virtual (a través das plataformas habilitadas a tal efecto)</p>	40
Proba obxectiva	A1 B2 B4 B7 B9 C5 C9	<p>1. Consiste nun exame teórico-práctico dos contidos da materia. O exame podería conter preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas sobre supostos prácticos, preguntas tipo test (verdadeiro/falso), preguntas de resposta múltiple ou unha combinación dos tipos mencionados.</p> <p>2. O exame pode ser oral ou escrito, presencial ou virtual.</p> <p>3. Celebraranse nas datas, horas e aulas que o Decanato fixe oficialmente.</p>	20
Proba de resposta breve	B2 B3 B4 B7 C9	<p>1. Poderán ser varias ao longo do curso. Consisten nun exame sobre unha parte da materia e pode ser de respostas curtas, de tipo test (verdadeiro/falso), de resposta múltiple, de preguntas a desenvolver e de preguntas sobre supostos prácticos ou unha combinación delas.</p> <p>2.- As probas de resposta breve poderán ser presenciais ou virtuais</p>	20

Observacións avaliación



1.- Segunda oportunidade: Os estudantes recuperarán a parte NON correspondente á avaliación continua (entendendo por tal as probas de resposta breve e a proba obxectiva) nun só exame que suporá o 40% da nota.

**RECUPERACIÓN DA AVALIACIÓN CONTINUA:** No caso de que o estudante coas calificacións de avaliación continua obtidas durante o primeiro cuadrimestre sumadas á máxima nota que poderían obter na proba de segunda oportunidade mencionada anteriormente (40%) no puidese alcanzar o aprobado (5 puntos), se lle realizaría unha proba adicional de resposta breve (que podería ser oral ou escrita) e que substituiría a nota alcanzada nas probas de avaliación continua (Solución de Problemas e Presentación oral). Esta proba supondría un total de 3 puntos. De maneira que na segunda oportunidade podería optar a unha cualificación máxima de 7 puntos.

Para a solicitude da recuperación da avaliación continua habilitarase un prazo durante o segundo cuadrimestre no que os estudantes deberán poñerse en contacto co profesor para solicitar a realización da correspondente proba, renunciando a calificación da avaliación continua acadada anteriormente. A recuperación da avaliación continua realizarase durante o segundo cuadrimestre na data proposta polo docente da materia.

2.- Convocatoria adiantada: Só neste caso, se realizará unha proba mixta co fin de avaliar todas as competencias e contidos propios da materia. O resultado obtido nesa proba coincidirá coa nota final obtida polo alumno/a.

3.- Calificación de non presentado:

Corresponde ao alumnado que:

A) Só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada.

B) Non se presente ás probas do periodo de avaliación oficial marcado polo decanato.

4.- Estudantes matriculados a tempo parcial e con "dispensa académica de exención de asistencia": Deberán comunicalo ao profesorado, antes do 30 de setembro, para acordar un calendario de entregas de supostos e casos prácticos que substituirán á presentación oral e á solución de problemas. As demais cuestións manteñense sen cambios, seguindo as mesmas indicacións que o resto de estudantes.

5.- Condicións de realización dos exames:

Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información. Os/as estudantes acreditarán a súa identidade dacordo coa normativa vixente. As probas non realizadas puntuarán como 0 puntos e as realizadas en fraude suporán a cualificación de 0 puntos na convocatoria da materia (Art. 14 das normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario)

Os criterios de puntuación de cada unha das probas se darán a coñecer no momento da proba.

Nos exames/probas en caso existir preguntas tipo test as mal respondidas poderán puntuar en negativo

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	- José Ignacio Llorente Olier (2015). Planificación estratégica y control de gestión. Madrid: CEF
<b>Bibliografía complementaria</b>	- Comisión de Contabilidad de Gestión de ACCID (2010). Manual de Control de Gestión: diseño e implementación de sistemas de control de gestión. Barcelona: Profit Editorial - Fariñas Fernández, Francisco (2010). El control de gestión y su aplicación práctica . Tirant biblioteca virtual - Joaquín Martínez Navajas (2006 ). Contabilidad Analítica. Eoi Escuela de Negocios: <a href="https://www.eoi.es/es/file/18728/download?token=PxCppzeG">https://www.eoi.es/es/file/18728/download?token=PxCppzeG</a> - Oriol Amat y Pilar Soldevilla (2010). Contabilidad y Gestión de Costes. Barcelona: Profit Editorial

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fundamentos de Xestión da Empresa de Moda/710G03004

Xestión Contable e Financeira na Empresa de Moda/710G03015

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

## Observacións





(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías